



Concello de Santiago de Compostela

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA, S.L.U.

En Santiago de Compostela, a 31 de outubro de 2012.

REUNIDOS

Dunha parte, O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, con domicilio no Pazo de Raxoi e C.I.F. número P-1507900/G e no seu nome e representación Ángel Currás Fernández, na súa condición de Alcalde-Presidente, cargo para o que foi nomeado por acordo do Pleno do Concello de data 17 de abril de 2012 e en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; en diante o CONCELLO.

Doutra parte, CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA, S.L.U., con domicilio social en Ronda de Outeiro, 1-3 Bajo, 15006, A Coruña (e domicilio a efectos de comunicacións na Avda. de la Prensa, 84/85, Polígono Industrial de Sabón, 15142, Arteixo, A Coruña) e C.I.F. número B-15.292.022, e o seu nome e representación Santiago Pérez Otero, con N.I.F. 32.431.250-P, en calidade de Xerente desta entidade

Ambas as partes, na calidade na que actúan, recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para formalizar este documento e

EXPOÑEN

I.- Que no período 2012-2013 CORPORACION VOZ DE GALICIA, S.L.U. ten previsto realizar no seu ámbito de actuación unha serie de accións de información e difusión con incidencia na posta en valor da cidade de Santiago e en particular, do turismo en Compostela.

II.- Que as competencias do CONCELLO concorren coa iniciativa manifestada no Expositivo anterior e por iso considérase pertinente colaborar, non en exclusiva, coas devanditas accións.

Polo manifestado, ambas as partes levan a efecto o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, en virtude das seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o CONCELLO e CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U na execución de accións de información e difusión para a posta en valor da cidade de Santiago.

SEGUNDA.- O CONCELLO comprométese a aboar a CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U a cantidade total de cen mil euros (100.000,00 €), I.V.E. engadido nas seguintes anualidades:

Ano 2012: 70.000 €.

Ano 2013: 30.000 €.

O pagamento da contribución económica do CONCELLO efectuarase logo de xustificación por CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U. da realización das accións asumidas de acordo co obxecto do mesmo e certificación dos representantes municipais na Comisión de seguimento a que se alude na cláusula seguinte de que obxecto do Convenio foi cumprido íntegra e correctamente por CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U.

No orzamento de gastos do CONCELLO existe reserva de crédito para a referida cofinanciación na partida 010 91200 22602.

TERCEIRA.- Nomearase unha comisión de seguimento do presente Convenio formada por dúas persoas designadas por cada unha das partes, que resolverá toda continxencia que poida xurdir do desenvolvemento do mesmo. O réxime de funcionamento e acordos da Comisión axustarase ao establecido no capítulo II do Título Segundo da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Será motivo de resolución do presente Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento por unha delas de calquera das obrigas derivadas do mesmo.

CUARTA.- O Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de marzo de 2013.

O mesmo ten natureza administrativa, correspondendo o coñecemento dos litixios que del se poidan derivar á xurisdicción contencioso-administrativa.


O presente Convenio de colaboración é lido polas partes intervintes e mostrándose conforme con el, asinano no lugar e data citados no comezo.

O Alcalde do CONCELLO.

O Xerente DA
CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U



Concello de Santiago de Compostela



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O GRUPO EL CORREO GALLLEGO

En Santiago de Compostela, a 31 de outubro de 2012.

REUNIDOS

Dunha parte, O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, con domicilio no Pazo de Raxoi e C.I.F. número P-1507900/G e no seu nome e representación Ángel Currás Fernández, na súa condición de Alcalde-Presidente, cargo para o que foi nomeado por acordo do Pleno do Concello de data 17 de abril de 2012 e en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; en diante o CONCELLO.

Doutra parte, EDITORIAL COMPOSTELA S.A., con domicilio social en rúa Preguntoiro 29 baixo, Santiago de Compostela con C.I.F. número A-15000391, e no seu nome e representación Ángel Remesar Zabaleta, con N.I.F. 15917290-W, en calidade de Xerente desta entidade.

Ambas as partes, na calidade na que actúan, recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para formalizar este documento e

EXPOÑEN

I.- Que no período 2012-2013 EDITORIAL COMPOSTELA ten previsto realizar no seu ámbito de actuación unha serie de accións de información e difusión con incidencia na posta en valor da cidade de Santiago e en particular, do turismo en Compostela.

II.- Que as competencias do CONCELLO concorren coa iniciativa manifestada no Expositivo anterior e por iso considérase pertinente colaborar, non en exclusiva, coas devanditas accións.

Polo manifestado, ambas as partes levan a efecto o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, en virtude das seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o CONCELLO e EDITORIAL COMPOSTELA, cabeceira do grupo multimedia Grupo Correo Gallego, conformado polo diario El Correo Gallego, o semanario gratuito Tierras de Santiago, Radio Obradoiro e Correo-Tv, na execución de accións de información e difusión para a posta en valor da cidade de Santiago.

SEGUNDA.- O CONCELLO comprométese a aboar a EDITORIAL COMPOSTELA a cantidade total de cento dez mil euros (110.000 €), I.V.E. engadido nas seguintes anualidades:

Ano 2012: 70.000 €

Ano 2013: 40.000 €

O pagamento da contribución económica do CONCELLO efectuarase logo de xustificación por LA EDITORIAL COMPOSTELA da realización das accións asumidas de acordo co obxecto do mesmo e certificación dos representantes municipais na Comisión de seguimento a que se alude na cláusula seguinte de que obxecto do Convenio foi cumprido íntegra e correctamente por EDITORIAL COMPOSTELA.

No orzamento de gastos do CONCELLO existe reserva de crédito para a referida cofinanciación na partida 010 91200 22602.

TERCEIRA.- Nomearase unha comisión de seguimento do presente Convenio formada por dúas persoas designadas por cada unha das partes, que resolverá toda continxencia que poida xurdir do desenvolvemento do mesmo. O réxime de funcionamento e acordos da Comisión axustarase ao establecido no capítulo II do Título Segundo da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimiento Administrativo Común.

Será motivo de resolución do presente Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento por unha delas de calquera das obrigas derivadas do mesmo.

CUARTA.- O Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de marzo de 2013.

O mesmo ten natureza administrativa, correspondendo o coñecemento dos litixios que del se poidan derivar á jurisdicción contencioso-administrativa.

O presente Convenio de colaboración é lido polas partes intervincentes e mostrándose conforme co el, asínano no lugar e data citados no comezo.

O Alcalde do CONCELLO,

O Xerente de EDITORIAL COMPOSTELA,